

Centos de persoas participan na folga e manifestación pola dignificación dos sectores de discapacidade, menores e infantil 0-3

A marcha, que coincidiu cun paro parcial de 6 horas, partiu do Monte do Gozo cara San Caetano na que constituíu a última etapa do «Camiño de Santiago reivindicativo».



Centos de persoas participaron o 4 de xuño na xornada de folga parcial de seis horas e na manifestación convocada nos sectores da atención ás persoas con discapacidade, da educación infantil privada de 0 a 3 anos, de menores e da educación infantil pública de 0 a 3 anos para reclamar melloras laborais e salariais, reforzar a calidade dos servizos e avanzar cara á negociación colectiva no ámbito galego. A folga foi secundada de forma maioritaria, malia ter decretados uns servizos mínimos do 80%, o que impediu a moito persoal participar na mobilización.

A mobilización arrincou do Monte do Gozo e percorreu as rúas de Santiago de Compostela até concluír diante do edificio administrativo da Xunta de Galiza, en San Caetano. Ao remate da marcha deuse lectura a varios manifestos nos que as traballadoras e traballadores denunciaron as condicións laborais que padecen e reclamaron a implicación da administración galega para resolver os problemas estruturais que afectan a estes sectores.

Durante a lectura dos textos reivindicativos insistiron en que a mellora da atención ás persoas usuarias



pasa necesariamente por garantir condicións laborais dignas para quen presta estes servizos. Ademais, criticaron que se trate de actividades fundamentais para a sociedade que continúan soportando baixos salarios, elevadas cargas de traballo e escaso recoñecemento profesional, malia seren sectores fortemente feminizados e esenciais para o benestar colectivo.

ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE: SALARIOS DIGNOS E CONVENIO GALEGO

As traballadoras e traballadores da atención ás persoas con discapacidade denunciaron a precariedade laboral e salarial que sofren e reclamaron condicións acordes coa responsabilidade e a importancia social do seu traballo.

Neste sentido, advertiron de que unha parte importante do persoal percibe retribucións que apenas superan o Salario Mínimo Interprofesional e denunciaron a perda de dereitos laborais consolidada nos sucesivos convenios estatais.

«As traballadoras da educación infantil pública de 0 a 3 anos centraron as súas reivindicacións na mellora da calidade educativa e das condicións nas que desenvolven o seu traballo»

Fronte a esta situación, reclamaron a constitución dunha mesa tripartita integrada por administración, sindicatos e patronais para avanzar na creación dun complemento salarial autonómico e impulsar a negociación dun convenio galego propio.

Tamén demandaron a redución da xornada laboral, o recoñecemento de complementos vinculados á penosidade, perigosidade e toxicidade do traballo, unha mellor consideración da nocturnidade e da quenda rotatoria, así como o incremento dos recursos humanos e materiais e a redución das ratios de atención. Segundo defenderon, a mellora das condicións laborais é imprescindible para garantir unha atención de calidade ás persoas con discapacidade.

Lembraron que a principal finalidade da súa actividade é potenciar as capacidade e progreso psicomotriz, afectivo, intelectual e social das crianzas nesta etapa. Por iso subliñaron que «non somos garderías: somos escolas» e salientaron que o seu labor na educación non se limita a «térmoslos limpos, mantidos, entretidos ou vixiados».

Ademais, denunciaron que moitas das tarefas pedagóxicas e de preparación das actividades se realizan fóra da xornada laboral, afectando tanto ás condicións de traballo como á conciliación da vida persoal e familiar. «Nós non gardamos, nós educamos», proclamaron para reivindicar a importancia da súa función educativa.



EDUCACIÓN INFANTIL PRIVADA 0-3: «NÓS NON GARDAMOS, NÓS EDUCAMOS»

No manifesto do sector da educación infantil privada de 0 a 3 anos, as traballadoras reivindicaron o carácter plenamente educativo desta etapa e denunciaron a situación de precariedade que afecta a un colectivo maioritariamente feminino.

As profesionais criticaron que a gratuidade impulsada pola Xunta non se acompañase dunha equiparación salarial que remate coas diferenzas existentes entre as distintas táboas retributivas do sector. Neste sentido, reclamaron a integración das escolas infantís na Consellaría de Educación, a unificación das táboas salariais, a creación dun complemento autonómico que dignifique os salarios e a apertura dunha negociación que permita acadar o primeiro convenio galego do sector.

EDUCACIÓN INFANTIL PÚBLICA 0-3: MÁIS RECURSOS PARA MELLORAR A CALIDADE EDUCATIVA

Pola súa banda, as traballadoras da educación infantil pública de 0 a 3 anos centraron as súas reivindicacións na mellora da calidade educativa e das condicións nas que desenvolven o seu traballo. Entre as demandas trasladadas á Xunta figuran a recuperación da formación específica para o sector, a habilitación de máis tempo dentro da xornada laboral para tarefas de programación e coordinación pedagóxica, a redución das ratios e a adaptación dos espazos ás necesidades reais das crianzas.

Tamén reclamaron a implantación da parella educativa en todos os centros, un calendario escolar máis respectuoso coas necesidades da infancia e das familias, a integración do primeiro ciclo de Educación Infantil na Consellaría de Educación, medidas para promover o uso do galego desde as primeiras etapas educativas e unha maior protección da saúde laboral das traballadoras embarazadas.



O SECTOR DE MENORES RECLAMA UN CONVENIO GALEGO

O persoal dos centros de protección e reforma xuvenil denunciou tamén a precariedade que padece o sector e a falta de resposta da Consellaría de Política Social ás súas demandas. No manifesto lido ao remate da mobilización advertiron de que os centros sofren saturación, escaseza de recursos e unha crecente fuga de profesionais debido ás condicións laborais e salariais.

Entre as súas reivindicacións figuran a aplicación inmediata do acordo retributivo autonómico, a mellora dos salarios, a redución das ratios de atención, o incremento dos recursos humanos e materiais e a negociación dun convenio galego propio que dignifique as condicións de traballo e garanta unha atención de maior calidade á infancia e á mocidade tutelada.

Ao remate, as persoas participantes denunciaron que a Xunta continúa sen ofrecer respostas ás demandas dos distintos sectores e advertiron de que seguirán impulsando iniciativas e mobilizacións para conquistar unhas condicións laborais e salariais dignas. Neste sentido, reiteraron a súa defensa da negociación colectiva en Galiza e reivindicaron que sexan as traballadoras e traballadores galegos quen decidan sobre os seus dereitos e condicións laborais.



Éxito das campañas Mércores en loita e vídeos de concienciación social desde os centros



Caravana reivindicativa no Camiño de Santiago para exixir melloras laborais nos sectores da discapacidade, menores e educación infantil 0-3

1ª etapa, desde
Arzúa ate Arca)
(1 de xuño)



2ª etapa, desde
Arca ao Monte
do Gozo



3ª etapa, desde
o Monte do Gozo
á Xunta



As Consellarías de Política Social e de Educación vulneraron o dereito á folga ao decretar uns servizos mínimos do 80% do persoal nestes tres sectores

As dúas Consellarías con competencias nestes tres servizos «públicos» esenciais trasladaron e impuxeron, sen negociación, que apenas entre o 20 e o 30% dos traballadores e traballadoras chamados á folga o día 4 puideran secundala.

Ligazón á nova:



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal